

## Libros

*Medicuumundi, Prosalus e Médicos del Mundo, “La Salud en la Cooperación al Desarrollo y la Acción Humanitaria. Informe 2009”, Madrid, 2009, 239 páxinas.*

**N**este informe sobre os avances e o contexto no sector da saúde no marco da cooperación internacional ao desenvolvemento, as entidades Prosalus, Médicos del Mundo e Medicuumundi destacan os aspectos máis relevantes que influíron neste sector, como, por exemplo, o papel que adoptaron diversos axentes da cooperación internacional e o rol desenvolvido pola cooperación española para mellorar a saúde a nivel mundial en 2008.

O libro consta dun capítulo introdutorio, outro a modo de conclusións e recomendacións e cinco capítulos agrupados polas seguintes temáticas: os aspectos máis relevantes que teñen influído a nivel internacional sobre a saúde, con especial mención á crise económica, ao cambio climático e a pandemia da gripe A H1N1; as políticas e propostas da Unión Europea no eido da saúde na cooperación internacional; a abordaxe da saúde nas políticas de cooperación internacional no Estado español e a súa realidade na práctica; a preocupación e distribución xeográfica no sector da saúde na cooperación internacional da cooperación descentralizada en España e a análise da acción humanitaria a nivel europeo e estatal.

Partindo da base de que a saúde é un dereito fundamental das persoas e sendo conscientes das iniquidades que se producen a nivel mundial con respecto á cobertura sanitaria por parte dos diferentes Estados, as entidades autoras do informe destacan a responsabilidade dos países do Norte na loita contra a pobreza e a consecución dos Obxectivos do Milenio fixados no ano 2000 e, máis concretamente, na extensión da cobertura sanitaria primaria a tódolos pobos. Neste sentido, a modo de condición sine qua non, podemos falar dun modelo de desenvolvemento real e sustentable, por ser a necesidade máis inmediata que limita o crecemento económico e social dos pobos do Sur.

No contexto de crise no que nos atopamos inmersas/os, o sector da saúde vese especialmente afectado xa que se incrementan as desigualdades en canto á distribución da riqueza, posto que os países subdesenvolvidos e en vías de desenvolvemento se vén afectados dun xeito máis directo debido, dunha banda, ás relacións de poder desiguais e, por outro, ao sistema económico imperante que concentra a riqueza nuns poucos Estados, quedando os restantes nunha situación máis vulnerable e desesperanzada.

Por mor das iniquidades e desigualdades que o sistema económico liberal xera a nivel mundial, agudizadas pola crise económica iniciada en 2008, os países do Sur véñense na obriga de recortar os seus orzamentos nas políticas públicas co obxectivo de reducir as súas respectivas débedas externas e dinamizar o seu sector económico, quedando así moito máis enfeblecidos os sistemas de protección social e a cobertura do sistema sanitario. Por outra banda, os fenómenos climáticos producidos polo deterioro ambiental e a contaminación están a ter graves repercusións para a saúde, especialmente no que se refire á accesibilidade dos alimentos (riadas e secas) e a propagación de epidemias.

Cabe facer especial mención o que as entidades autoras deste informe cualifican como "ameaza desproporcionada e inxustificada", facendo referencia á pandemia da gripe A, que motivou unha resposta da comunidade internacional con fortes medidas de prevención e grandes inversións na súa loita, restando orzamentos doutras partidas destinadas a atallar outras enfermidades que teñen un maior impacto e producen un maior número de defuncións en comparanza coas que finalmente se produciron nese ano pola chamada gripe A. Esixen, polo tanto, unha rendición de contas da Organización Mundial da Saúde (OMS) para que poida recuperarse a confianza que se veu diminuída coa xestión desta pandemia.

Neste contexto, a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) foi incrementada nun 15,7% polos 15 países que forman parte do Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) con respecto ao ano 2007, o que supón unha cifra récord. O compromiso compartido por toda a comunidade internacional polo avance na consecución dos Obxectivos do Milenio explica que o sector da saúde se enmarque como un sector clave e estratéxico na axenda do desenvolvemento. Ten especial relevancia o incremento dos fondos destinados á saúde sexual e reprodutiva, debido á reconsideración e loita polo respecto dos dereitos das mulleres.

Os fondos da AOD foron destinados principalmente ao continente africano, onde a poboación atopa máis dificultades e carencias de acceso á sanidade. España, como membro do CAD, tamén incrementou en 2008 a AOD destinada á saúde, se ben é certo que esta achega non alcanza o 15% da AOD en saúde. As entidades autoras deste informe apelan á consolidación deste sector clave na cooperación española, cunha dotación orzamentaria máis elevada e cun peso maior ao abeiro da súa importancia para acadar o desenvolvemento dos pobos. Así mesmo, un aspecto negativo a salientar é que en 2008 foi incrementada a AOD reembolsable, medida incoherente co Plan Director da Cooperación Española, e que debería eliminarse.

En canto á cooperación descentralizada española, o incremento orzamentario en 2008 tamén se veu incrementado, se ben o sector saúde perde peso con respecto a anos anteriores. Tres Comunidades Autónomas achegan

o 50% do orzamento no sector sanitario, mentres que oito diminúen ditos orzamentos. A cooperación descentralizada segue a traballar de xeito heteroxéneo, de aí que se produzan tales disparidades na concentración da axuda por sector de actuación. Compriría, neste sentido, unha mellor planificación e concentración dos recursos para acadar un maior impacto da cooperación descentralizada no sector da saúde, se ben é certo que xa se están a poñer en marcha determinados elementos correctores como o establecemento de plans plurianuais.

Os fondos destinados á axuda humanitaria tamén foron incrementados nun 80% neste período, o que nos da unha idea da vital importancia que o sector saúde adquire nas políticas de desenvolvemento do Estado español. Sen embargo, debe facerse unha crítica a este respecto, debido á necesidade dunha maior planificación no caso da prevención de desastres e ao feito de que a axuda ás persoas refuxiadas continúen a computarse como Axuda Humanitaria (AH) e non como AOD, como lle correspondería.

En conclusión, se ben é certo que no contexto de crise económica e medioambiental na que nos atopamos desde 2008 foron incrementados cuantitativamente os fondos destinados a AOD e que o sector da saúde perfílase como clave para acadar o desenvolvemento humano perdurable tanto a nivel nacional como internacional, a realidade indica que dito sector presenta diferentes pesos cuantitativos e cualitativos dependendo das diferentes administracións. É por isto que é necesario atender á unificación de criterios e o outorgamento da relevancia que o sector saúde require, para obter verdadeiros resultados e acadar un maior impacto que poida supoñer avances reais na erradicación da pobreza e na consecución dos Obxectivos do Milenio.

*Andrea Manuela García Corzo*

**Harry Reid e Paul Henderson Scott, "The Independence Book. Scotland in today's world", Luath Press Limited (Serie Viewpoints), Edimburgo, 2008. 106 páxinas. ISBN (10): I-906307-90-3. ISBN (13): 978-I-906307-90-5**

**E**n xeral, nos Estados da Unión Europea e na nosa Galicia en particular, apenas se está prestando atención ao extraordinariamente vivo escenario político escocés onde, desde a chegada ao poder "devolvido" dos nacionalistas en 2007, a independencia de Escocia respecto do Reino Unido está de modo permanente na axenda política, social e mediática.

As razóns desta desatención teñen fundamentalmente dúas orixes: aquelas persoas que temen a tal punto que un dos máis sólidos e estables

Estados da vella Europa poida fragmentarse, que prefiren non ver o evidente; doutra banda, unha maioría de polític@s, opinador@s e individuos, consideran imposible unha mudanza de fronteiras nun Estado como o Reino Unido, apelando a unha especie de fe na orixe divina das súas liñas divisorias.

No entanto, diversos indicadores, comezando pola porcentaxe de apoios á independencia (por momentos superior á de persoas contrarias) avisan desde xa antes da chegada dos nacionalistas á sé do goberno no pazo de Holyrood de que o feito de Escocia vir a constituírse en Estado independente no futuro non só non é imposible senón que nin sequera resulta improbable. Con todo, a persecución dunha mudanza constitucional de tal magnitude non é fácil, pois precisa dun amplísimo apoio social, polo menos, ao norte da fronteira. E aquí sempre se choca cunha fortísima resistencia natural á alteración da considerada "orde natural das cousas".

Neste contexto, faise imprescindible a construción e difusión dun ideario moi pedagóxico e persuasivo. É nese escenario que debemos situar o libro que aquí tratamos, que pretende achegar un argumentario pro-independencia que, por isto, resulta do maior interese para quen quixer comprender mellor as arelas autodeterministas do país.

O libro consta dunha breve introdución, un epílogo destinado a responder ás principais reticencias que perante a independencia pode ter calquera cidadá ou cidadán, e cinco artigos de cinco influentes personalidades, catro homes escoceses e unha muller inglesa, provenientes de mundos diferentes, cunha longa traxectoria e amplo respecto gañado nos seus respectivos ámbitos e na sociedade escocesa en xeral. Son estes Harry Reid, escritor e xornalista; Paul Henderson, político ligado ao Scottish National Party (SNP); Neil Kay, economista e docente universitario; Tom Nairn, estudoso dos nacionalismos e da globalización e tamén profesor universitario; e Betty Davies, exitosa empresaria e deseñadora de moda.

Sen ánimo de referir todos os argumentos expostos na obra, pode aseverarse que existe coincidencia nalgúns deles entre os autores e autora e que, en todo o caso, e seguindo a división que o propio Harry Reid propón no primeiro dos artigos, poden clasificarse en dous grupos.

Nun primeiro grupo pódense situar as razóns pro-independentistas en negativo. Quérese dicir, da permanencia de Escocia no Reino Unido derivaríanse consecuencias perniciosas tales que fan desexable a independencia. Ao longo das páxinas do libro aparece a idea dun Reino Unido que xa deixou hai décadas atrás os seus tempos de gloria e que hoxe é incapaz de xerar adhesión a unha identidade británica xa moi débil, nin de entusiasmar os pobos que o compoñen nun proxecto económico, político e social común.

Tamén se fai referencia ao anquilosado do sistema político da Unión, incapaz de adaptarse aos retos dunha globalización que palidece as fronteiras e na que se intensifica a reivindicación da diferenza e das voces das mino-

rías. Diferenzas que en Escocia nunca desapareceron e que, desde meados do século XX, veñen intensificándose, acontecendo outro tanto coas outras nacións británicas, incluída a inglesa, con tempos e ritmos diversos mais firmes, resultando así unha sociedade fortemente heteroxénea que non encontraría fácil acomodo institucional e que, en todo o caso, non o encontra de ningún modo no actual cadro da Unión.

Entre os argumentos de tipo negativo en favor da independencia de Escocia e, concretamente, entre aqueles que critican a incapacidade do Estado para dar resposta ao novo escenario político e social da Unión, aparece un de especial interese polo que de familiar ten para o Reino da España. Betty Davies sinala a "evidente" disfunción dun Estado en que un partido dun único territorio, nacionalista e mesmo independentista, cunha representación política moi notable no seu territorio mais escasa no conxunto do Estado, puidese vir a condicionar fortemente as decisións do goberno central e mesmo a facer parte del. Suxire a autora que isto non ten sentido e que, chegados a este extremo, a mellor solución é a independencia de tal territorio. Doutro modo, un Estado máis grande poderá estar preso dos intereses dunha minoría territorial que nin sequera acredita nel.

No libro predominan, non obstante, os argumentos de tipo positivo, que veñen a falar das consecuencias desexables dunha eventual independencia. Tamén aquí aparecen varios de modo reiterado. Faise referencia a un goberno máis próximo da cidadanía e, por tanto, máis coñecedor das súas necesidades ou ao que estas son máis facilmente transmisibles debido á súa proximidade. Necesidades ademais máis facilmente identificables na medida en que a sociedade nacional resulta máis homoxénea que a plurinacional.

Fálase aquí da importancia de se dispor de voz propia, sen intermediarios, nos foros internacionais, lembrando episodios similares aos vividos por Galicia desde a entrada do Reino da España na Unión Europea, cos fortes prexuízos padecidos por sectores non prioritarios para o conxunto do Estado mais si para o territorio concreto, como ocorreu no sector pesqueiro, en que Galicia e Escocia representan papeis en todo semellantes nos respectivos Reinos.

Aparece, como non, a referencia ás posibilidades de garantía do benestar presente e futuro que poderían significar para Escocia os recursos petrolíferos de que dispón no Mar do Norte, cada vez con máis valor na medida en que os prezos dos carburantes aumentan. Tamén se fai referencia reiterada ao menor gasto en armamento e exército que unha Escocia independente suporía, considerándose desproporcionados os actuais niveis de investimento na materia polo Reino Unido, atribuídos a unha aínda mal dixerida perda de condición de grande potencia internacional.

Pola súa banda, Paul Henderson Scott sinala no seu artigo que unha nación privada da capacidade de tomar decisións naquelas materias que lle

incumben parcial ou totalmente, do mesmo modo que podería ocorrer a un individuo en similares circunstancias, acaba sendo unha nación zombi: con baixa estima, dependente e sen entusiasmo. Equipara así centralismo, en Estados plurinacionais, a anulación da vontade do ser dos territorios periféricos. Co que isto supón de anulación dunha enerxía creativa de que todos os pobos poderían beneficiarse no mundo global.

Destáquese, por último, que os autores e mais a autora concordan en que unha Escocia independente non deixaría de ter relacións con Inglaterra ou o resto do Reino Unido, ben ao contrario.

*Ánxelo González Vicente*

**Daniel González Palau, "Os irmandamentos en Galicia (2009): Globalización, redes e Goberno local", Colección Texturas Internacionais (IGADI), 2010, 189 páxinas. ISBN: 978-86-613-8468-6**

**E**n 2002, María del Mar Gómez realizou unha primeira aproximación ao fenómeno dos irmandamentos en Galicia. Desde o IGADI censábase a conexión do local ao internacional desde os municipios galegos á entrada do novo século. O traballo de investigación viña acompañado tamén dunha análise teórica dos mesmos, desde a súa xénese histórica ás evolucións futuras que se albiscaban.

O texto que se presenta agora -"Os irmandamentos en Galicia (2009): Globalización, redes e Goberno local."- parte desa primeira aproximación ao fenómeno mundial do emparellamento de cidades, xa que esta era a única referencia propia dispoñible sobre a materia. Nesa fonte de traballo acumulado previo do IGADI, no que tamén se incluían diversos artigos de opinión e traballos da liña de investigación sobre paradiplomacia, comezou o proceso de actualización dos datos, dous meses de investigacións telefónicas e telemáticas nas que se verificaron moitas das conclusións e advertencias do texto do 2002 (especialmente ao respecto do simbolismo maioritario dos irmandamentos galegos). Finalmente presenta un censo actualizado (provisorio e non definitivo, dadas as limitacións do modelo telefónico), no que se contabilizan un total de 113 irmandades que implican a 82 concellos galegos.

O traballo final que se presenta é a síntese entre a análise e recollida dos datos e o modelo teórico xerado para recontextualizar a ferramenta municipalista aos tempos actuais. Así, se para a pesquisa de información valeuse dun simple teléfono e de conexión a Internet, o proceso para a identificación

do marco teórico arranca do concepto de "Sociedade-Rede" do sociólogo Manuel Castells, e desde aí e aproveitando os novos enfoques sobre desenvolvemento local, trata de xustificar a pertinencia dos irmandamentos como ferramenta de enlace e produción social adaptada á Sociedade-Rede.

Neste proceso tamén repasa a historia dos irmandamentos como práctica de cooperación, atopándonos cunha institución universal con presenza mundial e particular protagonismo no proceso de construción europea, que xera de seu modelos de cooperación económica, turística ou cultural e que máis alá, en Galicia, amosa unha xenética propia que nos explicita na sociedade internacional. O subtítulo do libro: *Globalización, Redes e Goberno Local*, define o camiño trazado na reflexión teórica deste traballo.

A segunda parte do libro comeza narrando o guieiro seguido na recollida de datos, para posteriormente presentar os mesmos nos diferentes agregados dos cuestionarios realizados, polo que se presenta non só o censo e os destinos, senón as intensidades dos mesmos por medio do número de actividades, as motivacións iniciais ou as responsabilidades do Concello co irmandamento entre outras variables; que axudaron a definir tres categorías diferentes en canto á relevancia do irmandamento no concello: activos de primeira categoría, activos, e simbólicos.

Compre dicir que máis alá do simbolismo maioritario identifica un total de 15 irmandades activas de primeira categoría, o que implica a realización de actividades anuais e o acompañamento permanente da irmandade por parte do concello que, segundo o marco teórico do traballo, supón que nesas concellos vinculados ao global estarían enlazando e producindo socialmente adaptados á Sociedade-Rede, asumindo así os novos desafíos dos novos tempos.

Finalmente, a obra remata voltando ao marco teórico inicial, coa identificación mediante unha aproximación sinxela á teoría de redes dun *modelo galego de irmandamentos*, que aparece con características de seu e que nos identifica na sociedade internacional, tanto polo desenvolvemento histórico asociado á incorporación á UE como polas vinculacións xeográficas, históricas ou culturais que define. Así, destácanse a liña dos irmandamentos galegos vinculados ao celtismo, á emigración, e a Portugal, sinalando, como non podía ser doutra maneira, os que nos vinculan ao resto do Estado.

En definitiva, un texto útil no seu conxunto para quen queira aproximarse de forma detida e especializada ao fenómeno dos irmandamentos. Recoméndase en todo caso unha lectura pausada, xa que a dimensión teórica está presentada como un manual no que empregando as terminoloxías oficiais quérense identificar as interligazóns dos irmandamentos cos conceptos de Globalización, Redes e Goberno Local, no esforzo por conseguir atopar as utilidades dos mesmos no novo contexto que xera o século XXI, e que nos obriga a pensar en categorías *glocals*.

Para todos os demáis, curiosar no emparellamento de cidades e no sentido que se lle da a este desde aquí e no resto do mundo pode representar un tempo rico, tanto por ser unha práctica con presenza universal de cooperación descentralizada, como por evidenciar características propias de Galicia no internacional, particularidades que nacen desde as base, desde os concellos galegos.

*Sandra Castro Santiago*

**Carlos Flores Juberías (Dir.), "Europa, veinte años después del Muro",**  
 Plaza y Valdés Editores, 2009. 319 páxinas. ISBN: 978-84-92751-53-2

**C**on ocasión de conmemorar o vixésimo aniversario da caída do Muro de Berlín, suceso acaecido o 9 de novembro de 1989, Carlos Flores Juberías, profesor titular de Dereito Constitucional Comparado na Universidade de Valencia, e un equipo de investigadores e colaboradores, pretenden levar a cabo unha avaliación global do impacto das revolucións de 1989 sobre o continente europeo, así como dos cambios vividos en Europa durante as últimas dúas décadas.

O ano 1989 foi crucial para o derrube do "socialismo real" en Europa Oriental. Caracterizouse pola disolución do Pano de Aceiro, coas primeiras e parcialmente libres eleccións de xuño en Polonia; a caída en novembro do Muro de Berlín, principal símbolo do mundo bipolar e da Guerra Fría; e a denominada "Revolución de Veludo" ocorrida durante novembro e decembro na entón Checoslovaquia. Foi o comezo das transicións, sobre todo políticas e institucionais, na zona de influencia ex soviética.

O libro parte da idea de realizar unha análise multidisciplinar de devanditas transformacións na parte oriental do o noso continente, referíndose non só á vertente política senón tamén á súa dimensión sociolóxica, económica e cultural. Os autores, sendo estes académicos europeos tanto españois como de Europa do Leste, enfrontan o desafío en dez capítulos dedicados a abordar distintos aspectos do tema en cuestión. En cada un deles revélanse os mecanismos comúns das transicións sufridas nos Estados da zona de influencia soviética, tomando igualmente en conta o xeito na que se viu afectado o resto do continente.

Os autores céntranse en asuntos claves da historia recente dos países de Europa Oriental, desde os grandes retos que había que enfrontar a principios dos anos noventa, como por exemplo as reformas económicas e institucionais, ata os problemas aínda existentes hoxe en día, como as

crecentes tendencias nacionalistas ante a diversidade cultural existente en Europa.

Con todo, o profesor Flores Juberías e os seus colaboradores non se esquecen do resto do noso continente e analizan tamén a influencia que tiñan e aínda teñen os acontecementos en Europa do Leste no marco do desenvolvemento das estruturas de integración europeas e, igualmente, da parte europea da OTAN.

Vale a pena subliñar a contribución dos académicos da Europa Oriental neste libro, xa que supón un factor que achega diferentes puntos de vista e permite analizar a situación desde unha perspectiva interesante que, a veces, pode resultar sorprendente para os lectores occidentais. No entanto, a mesma variedade de autores borra a idea principal deste libro. É dicir, non se trata unicamente dunha análise senón das diferentes perspectivas que non necesariamente forman un conxunto coherente. Cada un dos colaboradores conta coa súa propia opinión e a súa forma de expresala. As diferenzas entre os analistas á hora de avaliar o significado das revolucións, xunto coas diferenzas de estilo e de linguaxe emprendidos, escurece as conclusións do libro, o que fai de "Europa, veinte años después del Muro" unha lectura bastante esixente.

Ademais, tratando de realizar unha análise comparada sobre máis de quince Estados, resulta moi difícil conseguir un equilibrio entre os detalles e as xeralizacións. De feito, este é un erro que os autores non conseguiron evitar por completo. Por unha banda, algúns capítulos están tan cargados con informacións específicas e estatísticas que un lector corrente non é capaz de captalas na súa totalidade, polo que pode perder a idea principal do texto. Por outra banda, a veces as conclusións sacadas son tan xerais que non aclaran as complexidades das transicións, co cal deixan moitas dúbidas sen resolver.

En todo caso, "Europa, veinte años después del Muro" merece atención xa que resulta un bo intento de avaliar os acontecementos de 1989 e a súa posterior repercusión. Non obstante, e como afirman os propios autores, vinte anos non é tempo suficiente para poder entender e valorar profundamente o significado duns acontecementos que trouxeron consigo cambios tan significativos. Por tanto, as reflexións que nos presentan deberían tratar como unha base adoitada para unha futura avaliación moito máis completa.

*Katarzyna Araczevska*

**David Llistar Bosch, "Anticooperación. Interferencias Norte-Sur",**  
 Editorial Icaria, Barcelona, 2009, 313 páxinas. ISBN: 978-84-9888-110-3

O libro que presentamos aquí naceu no Observatorio da Débeda na Globalización (ODG) da Cátedra UNESCO de Sustentabilidade na Universidade Politécnica de Barcelona, por medio de David Llistar Bosch, físico de formación e de recoñecido traballo no campo da cooperación internacional tanto no terreo como na faceta de analista. Deste modo, o texto *Anticooperación* aparece na súa capa cun provocador subtítulo: *Interferencias Norte-Sur*. Os problemas do Sur Global non se resollen con máis axuda internacional.

A primeira consideración a facer é que o libro quere ser un manual de comprensión sistémica sobre as interferencias Norte-Sur, para tentar achegarse á comprensión sobre a ineficacia da axuda oficial ao desenvolvemento nos últimos 60 anos. O texto quere servir así de reflexión profunda sobre a "anticooperación", definida como todas aquelas interferencias negativas activadas desde o Norte cara o Sur, entendendo por interferencia transnacional a relación visible ou invisible que conecta sociedades separadas por miles de kilómetros.

A tese inicial do libro sinala que *"...aínda que a cooperación ao desenvolvemento fora de calidade ou eficaz, resultaría ser unha miseria en comparación cos mecanismos da anticooperación moito máis potentes en termos económicos, políticos, culturais, e ambientais, como a débeda externa, o comercio internacional, a difusión de tecnoloxía, o cambio climático ou a guerra. A teoría da anticooperación afirma que no balance Norte-Sur a anticooperación ten sido moi superior á cooperación..."*

Partindo desa tese inicial, o autor preséntanos e caracterízanos as novas particularidades das relacións internacionais asociadas ao desenvolvemento do século XXI, ao tempo que repasa as vellas relacións e as novas interferencias identificando diferentes mecanismos, intencionalidades e escalas, asumindo que máis alá dos cambios físicos e de xestión do novo século, a propia cognición da realidade debe facer un esforzo por integrar novos coñecementos e deixar atrás o produtivismo e o que denomina o "PIB centrismo".

Difícil tarefa cando a xeopolítica Norte-Sur articulase sobre todos os mecanismos de "anticooperación" dispoñibles, que o autor divide en oito esferas (aínda que asumindo a complexidade, a elasticidade e a interconexión das mesmas) que se exercen desde o Norte cara o Sur. Estas esferas son a tecnoproductiva, a financeira, a comercial, a ambiental e débeda ecolóxica, a diplomática, a militar, a simbólica, a migratoria, e a solidaria.

En cada un dos nove capítulos deste libro, David Llistar evidencia, mediante o repaso histórico e a presentación de exemplos concretos, a inxente cantidade de interferencias reais e estruturais, que definen a relación xeral

Norte-Sur. O libro é así, como sinalábamos ao principio, un manual completo sobre a "anticooperación", que tan só na comparación entre as Débedas do Sur e a Axuda Oficial ao Desenvolvemento do Norte, deixa ao descuberto o papel real das políticas de cooperación dos países occidentais como palancas de xeoestraxia internacional, por medio dos grandes centros financeiros.

Pero máis alá do coñecido mecanismo da débeda, as asimetrías do comercio internacional, os mecanismos de cooperación "condicionada", a conflitividade das patentes, a evidencia do desgaste ambiental, as redes diplomáticas e os *lobbies* capacitados de presión, o poder das empresas, e o máximo da guerra e a invasión ou a mera presenza permanente da ameaza militar, deben destacarse especialmente tres capítulos do texto de Llistar.

O primeiro é o referido á "Esfera tecnoprodutiva" e ao "autómata global" construído por medio dela, de aeroportos, estradas e autoestradas, trens de alta velocidade, sistema de portos internacionais, satélites espaciais, ou redes de cableado por terra, mar e aire, como estrutura física imprescindible (e intencionada) para todas as demáis esferas de anticooperación. Tamén son de grande interese a lectura dos capítulos da "Anticooperación solidaria" e da "Anticooperación simbólica", xa que a penetración e os efectos das mesmas inflúen moi directamente sobre todos aqueles que reclamamos maior e mellor cooperación.

Finalmente, o texto deixa aberta unha porta á discusión sobre qué facer, enfatizando a necesidade de traballar máis no Norte, identificando o abismo que se aproxima ante os niveis de consumo (especialmente enerxético), reclamando maior conexión entre os movementos sociais do Norte co Sur, e sobre todo, denunciando sempre a "Anticooperación".

*Daniel González Palau*

**Steve Ellner, "Rethinking Venezuelan Politics: Class, Conflict, and the Chávez Phenomenon", Lynne Rienner Publishers, Inc. Colorado (EEUU), 2010. 257 páxinas. ISBN: 978-1-58826-699-6**

**P**rofesor da Universidade de Oriente (Venezuela), Steve Ellner consolídase con este libro como un dos máis certos analistas da realidade venezolana, en particular do proceso revolucionario bolivariano impulsado polo presidente Hugo Chávez.

O libro materia desta recensión supón unha continuidade do traballo de investigación de Ellner, anteriormente recollido nos textos "*Venezuelan Politics in the Chávez Era: Class, Polarization & Conflict*" (2004, coeditado

con Daniel Hellinger) e "*Venezuela: Hugo Chávez and the Decline of an Exceptional Democracy*" (2007, coeditado con Miguel Tinker Salas), este último materia de recensión en *Tempo exterior* Nº 15 (xullo-décembro 2007).

Ellner aborda un enfoque alternativo na análise da historia política venezolana e dos eixes de transmisión e consolidación do proceso bolivariano. Máis que concentrarse nos actores e sucesos, nas institucións ou nas elites políticas, este enfoque considera aos actores sociais, as masas populares e a súa mobilización como os axentes esenciais para entender a traxectoria política republicana de Venezuela, con especial énfase na consolidación dun sistema democrático imperante desde 1958, trala caída da última ditadura militar, e coñecido como o "sistema puntofijista", emanado do Pacto de Punto Fijo de 1960.

Como nos seus anteriores libros, Ellner aborda en detalle as bases do denominado "excepcionalismo democrático" venezolano, cuestionando diversos aspectos da súa estabilidade e lexitimidade, en especial ante os avatares do modelo rendista petroleiro e da volátil mobilidade social do seu sistema político. A rebelión social de 1989, coñecida como o "Caracazo", supuxo a maior manifestación de descontento social cara un sistema político que comezaba a dar sinais de caducidade e carencias na súa estabilidade. Os dous momentos máis críticos apareceron en 1992, cos dous intentos de golpe militar, o primeiro impulsado polo entón tenente coronel Hugo Chávez Frías e o movemento "bolivariano" cívico-militar.

Dende entón, as turbulencias dentro sistema político bipartidista monopolizado por AD e COPEI, unido á instauración a comezos da década de 1990 dun polémico modelo económico neoliberal, deron paso a unha prolongada etapa de crise económica e sociopolítica, definindo así un novo curso de acontecementos que demandaban un cambio profundo na sociedade venezolana. Deste modo, as eleccións presidenciais de 1998 supuxeron o punto de viraxe deste sistema político imperante durante catro décadas.

A partir de 1999, o ascenso ao poder de Chávez como impulsor da alternativa de transformación emanada do proceso bolivariano condensou en gran medida estas demandas sociais e políticas de cambio, dentro dun proceso de transformación inédito en Venezuela e América Latina. Un novo modelo en gran medida explicado polo auxe de diversos movementos sociais identificados como axentes protagonistas dun novo proceso histórico.

Na súa aproximación á política venezolana baixo Chávez, Ellner explica os acontecementos políticos e electorais baixo o prisma dunha resposta da sociedade civil na demanda de maiores espazos de participación e mobilización social. De especial importancia resulta o capítulo 6, denominado "*Correntes conflitivas no movemento de Chávez*", onde o autor analiza a complexidade de forzas políticas e sociais, así como das elites políticas chavistas, na consolidación do proxecto bolivariano dentro das masas populares.

Este dinámico e moitas veces radical proceso de discusión e disensión interna dentro da plataforma de partidos políticos e movementos populares "chavistas" (o que Ellner denomina o "conflicto interno" entre a "liña dura" radical e as correntes máis "brandas", moitas delas herdeiras do sistema "puntofijista"), cobra unha importancia capital a fin de definir o presente e futuro do proceso bolivariano e socialista.

Paralelamente, Ellner analiza con destreza a composición social e política dos sectores da oposición, así como as súas reaccións e demandas ante as transformacións concertadas polo proceso bolivariano. O autor considera a etapa 2001-2004 como a de maior potencialidade da oposición (ou oposicións) venezolana na súa reacción contra o proceso bolivariano, utilizando incluso unha serie de vertentes de carácter ilegal. Foi o período do pulso político máis agudo, ante as constantes manifestacións, folgas, o golpe de abril de 2002, o paro petroleiro de 2002-2003, as turbulencias e a polarización entre "chavistas" e "antichavistas", parcialmente desactivadas tralo triunfo de Chávez no referendo revogatorio de agosto de 2004.

O capítulo 5, que explica as tres etapas da Presidencia de Chávez, define o curso da consolidación do proceso bolivariano e a consecuente polarización social e política: a "etapa moderada" entre 1999 e 2000, coa instauración do proceso constituínte bolivariano; seguida da "etapa radical e antineoliberal" (2001-2004) baixo o contexto do que Ellner denomina a "insurxencia reaccionaria da oposición".

A último etapa, que definiría o momento actual, denominada "a emerxencia dun novo modelo económico despois de 2004", explica a instauración dos parámetros do "Socialismo do Século XXI", en especial ante o impacto das misións sociais do "chavismo" e a consolidación dun novo modelo económico que certifique a ruptura definitiva co sistema político e económico anteriormente imperante.

Finalmente, o libro realiza unha ollada ao impacto internacional do proceso bolivariano, en especial ante diversidade de enfoques dende o exterior, as complexas relacións con EUA e a visión "multipolar" de Chávez para consolidar a Venezuela como referente dun proceso de cambio global "antiimperialista" e "antineoliberal".

Ninguén dubida que, tras máis dunha década no poder, Chávez logrou transformar os cimentos da sociedade venezolana. O país experimentou un dinámico e turbulento proceso de cambio, con novos actores políticos e unha constante mobilización social. Na actualidade, o proceso bolivariano camiña baixo unha nova vertente "socialista", ampliando a súa consolidación social lastrando a polarización e coas conseguíntes incertezas respecto ao futuro que Ellner tenta explicar neste libro.

*Roberto Mansilla Blanco*

**Bao Pu, Renee Chiang e Adi Ignatius (eds), “Prisoner of the State: The Secret Journal of Premier Zhao Ziyang”, New York, Simon & Schuster, 2009, 306 páxinas. ISBN-13: 978-1-4391-4938-6 e ISBN-10: 978-1-4391-4938-0**

**N**as súas trescentas páxinas, esta tradución ao inglés condensa as memorias do falecido ex secretario xeral do Partido Comunista Chinés (PCCh), Zhao Ziyang. Zhao gravara en segredo cintas magnetofónicas coas súas memorias que estaban agochadas entre os xoguetes dos seus netos ata que foron sacadas do país. A obra tivo un gran impacto debido a que cobre moitos acontecementos da historia recente da China tan controvertidos como os sucesos de Tiananmen en 1989 ou as loitas internas polo poder dentro do Partido Comunista (PCCh).

Cabe destacar como capítulos máis sobresaíntes a masacre de Tiananmen, o arresto domiciliario de Zhao Ziyang, as raíces do *boom* económico da China e as pugnas dentro do partido. Zhao presenta no comezo todo o proceso, dende as orixes das demandas dos estudantes ata a entrada das forzas militares na praza de Tiananmen. Así, narra como a morte de Hu Yaobang foi motivo para que os estudantes fixeran desta ocasión un momento oportuno para facer ouvir as súas demandas. Algunhas máis asumibles polo PCCh, como o aumento dos orzamentos en educación ou a loita contra a corrupción. Porén outras non, como a liberdade de prensa e o recoñecemento dos sindicatos estudantís. Mentres algúns grupos facían as súas manifestacións de maneira pacífica, outros valéronse desta situación para facer máis ruído e agravar a situación. Deng Xiaoping, proclive á toma de medidas máis duras para afrontar as manifestacións estudantís, contrariaba a visión de Zhao Ziyang, con tendencia ao diálogo e a xustificación do castigo de acordo coa lei no caso das persoas que incorreran en comportamentos tales coma malleiras, choques violentos, saqueos, queimas ou a entrada nunha propiedade sen autorización previa. Ademais, feitos como o editorial das autoridades chinesas do 26 de abril, cun ton certamente agresivo, non só tiveron como resposta a axitación dos mais novos, senón un estado de descontento entre varios departamentos gobernamentais, organizacións e outros partidos políticos. As dúas liñas, claramente enfrontadas, entre os conservadores, partidarios dunha resposta contundente, e as formas máis moderadas de Zhao Ziyang levaron a que as tensións foran resoltas mediante a incursión dos militares na praza de Tiananmen en contra das recomendacións e o discurso público deste último.

As claves xerais nos anos 70 e 80 foron, primeiro, o evidente éxito da reforma económica, que proporcionou a Deng o apoio entusiasta da gran maioría da cidadanía e do PCCh. Segundo, a necesidade de tranquilizar os conservadores, garantindo o monopolio do poder do partido e, posteriormente, cesando a Hu Yaobang e Zhao Ziyang.

Despois do desenlace da crise de Tiananmen, Deng afirmou : “*Separar o partido do goberno é unha mostra de liberalismo burgués*”. Zhao recoñece que mentres gobernou foi partidario do monopolio do poder do PCCh, e que non foi ata “1985 ou 1986” cando chegou á conclusión de que a democracia liberal é o mellor sistema político. Este cambio veu dado polos acontecementos na esfera internacional e os problemas que emerxeron no bloque do Leste. En contraposición, segundo Zhao Zhiyang, Deng posuía unha perspectiva da reforma só en termos de transformación administrativa que envolvía regulacións concretas, organización e metodoloxía pero non en termos de modernización e democratización política. Así, progresivamente, as diferenzas entre ambos víronse incrementadas e axudadas polas continuas campañas do sector máis conservador do partido (principalmente Chen Yun e Li Xiannian) en contra de Zhao Ziyang, que acabaron por ter como efecto final a morte política do ex secretario xeral do PCCh pasando a ser un “prisioneiro do Estado” mediante arresto domiciliario ata a súa morte en Pequín o 17 de xaneiro de 2005.

*Marola Padín Novas*